

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 12 de maio de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Tomouse razón da sentenza número 340/2006, ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso contencioso administrativo número 431/01, interposto contra o acordo do día 6 de xuño de 2001, polo que se concede a licenza de obras para construír unha vivenda unifamiliar, en Galegos-Santiago de Afora.

Tamén se acorda a rectificación de erro no acordo número 6/1000, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2004, polo que se concedía licenza de construción dun edificio na rúa Mar Cantábrico esquina rúa Aceroleiro.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento do predio matriz en dúas parcelas, sito no núcleo rural tradicional de Miñao, número 5, parroquia de Piñeiro; para demolición de edificación sita na rúa Pintor Villamil, número 10; para as obras de demolición necesarias para levar a cabo a rehabilitación-reconstrución e ampliación da vivenda unifamiliar sita na rúa

Ourense, número 46 e para rehabilitación-reconstrución con ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Ourense, número 46.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito á Unidade de Sancións e da aprobación da forma de compensación.

Dáse de conta do recurso de reposición interposto contra o acordo número 12/205, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 24.03.2010, sobre incoación de procedemento disciplinario.

Aprobase a Oferta de Emprego Público ano 2010.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación das obras de rexeneración de firmes en zona rural do Concello de Lugo – exercicio 2010 e a apertura do procedemento de adxudicación.

Aprobase a modificación do acordo 16/268 da Xunta de Goberno Local relativo á contratación das obras de construción dun edificio destinado a biblioteca no barrio da Piringalla e a adxudicación provisional.

Tamén se acorda a aprobación da execución do proxecto “Eurotroco” (convocatoria de proxectos Erasmus para novos emprendedores).

Aprobase a adquisición de baixo e espazo libre para executar a remodelación da praza de Cantiño e a súa conexión co paseo da muralla (proxecto 09UR3103 praza de Cantiño).

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto de expropiación no “Proxecto de expropiación para a execución das obras de

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 10extractoxg23.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-5-2010

infraestrutura viaria para realizar na Zona da Estación, praza Conde de Fontao, rúa Paradai de Abaixo e rúa Serra de Meira”.

Lugo, 20 de maio de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García